# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15026121 | IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas | Oleiros | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Bacharelato | Historia do mundo contemporáneo | 1º Bac. | 4 | 140 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

**Contido** **Páxina**


| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 21 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 22 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 22 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 22 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 23 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 23 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 23 |
| 7.2. Actividades complementarias | 24 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 25 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 25 |
| 9. Outros apartados | 26 |

## 1. Introdución

O estudo da materia de Historia do Mundo Contemporáneo é esencial para o coñecemento e a comprensión do mundo actual. Non menos importante é o seu carácter formativo, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra banda, a historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.Historia do Mundo Contemporáneo pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais do mundo pero prestando, cando é preciso, unha especial atención a España e a Galicia.
A cronoloxía debe ser o eixe do coñecemento histórico, porque non hai historia sen acontecementos, e no histórico está presente a idea de cambio, e precisamente para explicar tal cambio debemos recorrer á multiplicidade de sectores que compoñen a vida cotiá.A partir dos contidos, dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe avaliables preténdese o desenvolvemento persoal, intelectual e social do alumnado. Todas as actividades propostas queren favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e individualmente e para actuar con espírito crítico.
O seu estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non discriminación e os valores democráticos.
Os contidos de Historia do Mundo Contemporáneo arrancan dun estudo do Antigo Réxime e a súa crise e, a partir da Revolución Industrial e as súas consecuencias, chegan ao século XX, facendo especial fincapé na Europa de entreguerras e na segunda Guerra Mundial, establecendo unha caracterización específica do mundo desde os anos cincuenta do século XX ata o mundo actual, definido polas áreas xeopolíticas e culturais, dentro da globalización, cos conflitos que o caracterizan, sen pasar por alto o final do bloque comunista e as novas relacións internacionais xurdidas despois dos atentados de Nova York ou o xurdimento do radicalismo islámico. Ao tratar de analizar tales feitos, a historia enriquécese coas achegas doutras disciplinas e mesmo coas conclusións da investigación xornalística dos acontecementos. Podemos incluír tamén a análise noutros idiomas, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, a crítica dos medios de comunicación, a reflexión sobre a diversidade cultural, a historia oral ou a comparación con novelas históricas deses feitos históricos.
Débense desenvolver conceptos, pero tamén procedementos do traballo do/da historiador/a, cun vocabulario científico da disciplina que requirirá rigor e espírito de traballo, exposicións, correcta ortografía e expresión que lle permitan ao alumnado establecer os seus razoamentos e argumentacións.
A través do estudo de Historia do Mundo Contemporáneo, os/as estudantes deberán adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido.
A materia é rica en achegas ao coñecemento competencial. As competencias clave sociais e cívicas, e as de conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios de Historia do Mundo Contemporáneo. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía trátase de xeito puntual. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e competenciais da materia.
O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Historia do Mundo contemporáneo permite desenvolver metodoloxías activas nas que, como xa se citou, o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Recoñecer os movementos, accións e transformacións históricas que contribuíron ao afianzamento da liberdade no mundo contemporáneo, a través do estudo comparado de casos e o uso correcto de termos e conceptos históricos, para valorar os logros que supoñen os sistemas democráticos como principal garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais. | 2 | | 2 | | 11 | 1-2-3 | 1 | |
| OBX2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos da Idade Contemporánea, a través do emprego de fontes históricas fiables, a lectura de textos historiográficos e a elaboración de argumentos propios que preveñan a manipulación da información, para afrontar acontecementos traumáticos do noso pasado recente, evitar a repetición de feitos semellantes, recoñecer as vítimas e defender a aplicación do principio de xustiza universal. | 1-5 | | | | 11-31-40 | 1-2-3 | | |
| OBX3 - Identificar a desigualdade como un dos principais problemas das sociedades contemporáneas, recoñecendo as experiencias históricas de determinados colectivos, empregando a análise multicausal e valorando o papel transformador do suxeito na historia, para comprender como se formaron as actuais sociedades complexas, apreciar a riqueza da diversidade social, valorar os logros alcanzados e asumir os retos que formula a consecución de comunidades máis xustas e cohesionadas. | 3 | | 1 | 5 | 12-31-40 | 2-3 | | |
| OBX4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, utilizando o pensamento histórico, os seus conceptos e métodos, para analizar criticamente como se foron construíndo e conformando a través do tempo, elaborar argumentos propios cos que contribuír a un diálogo construtivo, respectar os sentimentos de pertenza e valorar a riqueza patrimonial e o legado histórico e cultural que produciron. | 3-5 | | | | 12-31 | 2-3 | | 1-2 |
| OBX5 - Identificar e recoñecer os principais retos do século XXI a través de procesos avanzados de procura, selección e tratamento da información, o contraste e a lectura crítica de fontes, para entender o fenómeno histórico da globalización, a súa repercusión no ámbito local e planetario e na vida cotiá das persoas, e mostrar a necesidade de adoptar compromisos ecosociais para afrontar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. | 3 | | 5 | 1 | 20-40 | 3-4 | 1 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX6 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas repercusións sociais, ambientais e territoriais no mundo contemporáneo, a través do uso de métodos cuantitativos e da análise multifactorial do desenvolvemento económico, os ritmos de crecemento e a existencia de distintos modelos e sistemas, para tomar conciencia das relacións de subordinación e dependencia, e adoptar un compromiso activo coa sostibilidade, a defensa dos dereitos sociais e o acceso universal a recursos básicos. | | | 4-5 | | 20-50 | 3-4 | 1-2 | |
| OBX7 - Interpretar a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, a través da aproximación á historiografía e aos debates sobre temas clave da historia, para valorar criticamente os distintos proxectos sociais, políticos e culturais xerados, as accións levadas a cabo e as experiencias vividas, desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | 3-5 | | | 3 | 12-31-40 | 2-3 | | |
| OBX8 - Describir e analizar os cambios e permanencias que se produciron na sociedade contemporánea, os comportamentos demográficos, os modos de vida e o ciclo vital, prestando especial interese á situación da muller, aos roles de xénero e idade, aos mecanismos de control, dominio e submisión e á loita pola dignidade e contra a discriminación, realizando proxectos de investigación e aplicando o pensamento histórico para recoñecer o valor e importancia dos personaxes anónimos da historia. | 5 | | 3 | 2 | 12-31-40 | 2-3 | | |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Ideoloxías e utopías. | Liberalismo e absolutismo. As ideoloxías ligadas ao movemento obreiro e o nacionalismo. Totalitarismos do século XX: fascismo-nazismo, franquismo, stalinismo e maoismo. Os fundamentalismos relixiosos. Populismos e antisistema: os riscos dos | 15 | 22 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Ideoloxías e utopías. | sistemas democráticos. | 15 | 22 | X | | |
| 2 | As revolucións do século XIX e XX e as súas consecuencias. | Análise dos procesos revolucionarios tomando como base a Revolución francesa, coa burguesía como protagonista, e a Revolución rusa e o protagonismo do proletariado. Repercusións. | 15 | 22 | X | | |
| 3 | Colonialismo e descolonización. | A formación dos imperios coloniais no século XIX. As tensións coloniais e o proceso descolonizador: fases. O neocolonialismo. | 15 | 22 | | X | |
| 4 | Liberalismo e Neoliberalismo. | A Revolución Industrial: desde a máquina de vapor ata a automatización e globalización da industria. As crises económicas: a Gran Depresión do 29 e a crise do petróleo. | 15 | 22 | | X | |
| 5 | Violencia, guerras e xenocidios no século XX | A I e II Guerra Mundial e a Guerra Fría. Conflitos. A cuestión israelí. Xenocidios: Armenia, Holocausto, Camboia. Terrorismos: análise da violencia anarquista e o islamismo radical. As vitimas: o caso da Guerra Civil española e o franquismo. | 15 | 22 | | | X |
| 6 | O mundo do século XXI. | Demografía: o réxime demográfico moderno, as novas familias. Globalización e as ameazas ao planeta. Os retos das democracias. China, Rusia, EE.UU e a Unión Europea. Os novos movementos sociais e a loita pola igualdade: orixe e situación actual. | 25 | 30 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Ideoloxías e utopías. | 22 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron. | Caracterísiticas básicas das revolucións liberais e socialistas | PE | 40 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflitividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo. | Caracterizar  e diferenciar os principais movementos obreiros do século XIX e XX | | |
| CA4.4 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través do traballo sobre textos históricos e historiográficos e de fontes literarias, do cinema e outros documentos audiovisuais. | Identificar varios elementos que transformaron a realidade que estean relacionados coas ideoloxías | | |
| CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos. | Comprender o texto histórico, indicando ideas principais e uso do vocabulario axeitado | TI | 60 |
| CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | Comprender os trazos básicos do debate historiográfico sobre as ideoloxías do século XIX e XX | | |
| CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas. | Identificar figuras e feitos destacados do movemento feminista | | |
| CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais. | Describir os trazos básicos que explican as desigualdades sociais | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso. | Elaborar un argumento propio a partir do análise de textos | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O traballo do historiador: fontes históricas, historiografía e narrativas do pasado. Argumentación histórica. Relevancia, causas e consecuencias, cambio e continuidade. Perspectiva histórica nas narrativas sobre o pasado.<br>- A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción.<br>- A nova sociedade liberal: orixe e funcionamento dos sistemas parlamentarios.<br>- O significado histórico e político dos nacionalismos no mundo contemporáneo, factor de conflito e enfrontamento entre pobos e estados: da servidume á cidadanía. Abolicionismo, dereitos civís e dereitos sociais na Idade Contemporánea.<br>- As utopías revolucionarias e os proxectos de transformación social: os movementos democráticos, republicanos e socialistas dos séculos XIX e XX. O papel dos exiliados políticos.<br>- Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición.<br>- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI.<br>- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento da diversidade identitaria, tolerancia e respecto ante as manifestacións ideolóxicas e culturais e recoñecemento e defensa da riqueza patrimonial.<br>- Ameazas rexionais e planetarias: terrorismo, crime organizado, radicalismos, ciberameazas e armas de destrución masiva. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | As revolucións do século XIX e XX e as súas consecuencias. | 22 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas. | Elementos das identidades colectivas xurdidos na época contemporánea. | PE | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación. | Identificar patróns comúns de violencia e destrución dos procesos revolucionarios e contrarrevolucionarios. | | |
| CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos. | Identificar avances e retrocesos en liberdades nos distintos procesos revolucionarios (revolución francesa e rusa) | TI | 75 |
| CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron. | Identificar cambios e retrocesos nos procesos revolucionarios e contrarrevolucionarios. | | |
| CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | Relacionar principios da Declaración Universal dos Dereitos Humanos con procesos do século XX. | | |
| CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas. | Identificar mulleres en cada un dos procesos analizados na unidade didáctica. | | |
| CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflitividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo. | Identificar os principais movementos obreiros, diferenciándoos polos seus fins e medios usados. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas. | Elementos das identidades colectivas xurdidos na época contemporánea. | | |
| CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras. | Identificar os principais retos ao que se enfronta as humanidade no século XXI . | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O traballo do historiador: fontes históricas, historiografía e narrativas do pasado. Argumentación histórica. Relevancia, causas e consecuencias, cambio e continuidade. Perspectiva histórica nas narrativas sobre o pasado.<br>- A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción.<br>- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI.<br>- Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas.<br>- A evolución histórica da clase traballadora e das organizacións obreiras: experiencias e conflitos en defensa dos dereitos laborais e a mellora das condicións de vida.<br>- Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia.<br>- Os retos das democracias actuais: corrupción, crise institucional e dos sistemas de partidos, tendencias autoritarias e movementos antisistema. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Colonialismo e descolonización. | 22 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron. | Distinguir as particularidades dos procesos revolucionarios en países colonizados. | PE | 40 |
| CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | Explicitar conceptos clave en relación coa colonización e a descolonización | | |
| CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas. | Valorar a pluralidade cultural das distintas poboacións máis aló do seu desenvolvemento tecnolóxico | TI | 60 |
| CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas. | Identificar roles da muller nas sociedades colonizadas e o seu papel actual | | |
| CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia. | Comprender os retos do proceso descolonizador para os países independizados | | |
| CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas. | Valorar a pluralidade cultural das distintas poboacións máis aló do seu desenvolvemento tecnolóxico | | |
| CA4.2 - Analizar criticamente o fenómeno histórico da globalización e a súa repercusión no ámbito local e planetario, valéndose do manexo de distintas fontes de información e dunha adecuada selección, validación, contraste e tratamento destas, previndo a desinformación e considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica, social e cultural en constante cambio. | Comprender o papel dos países descolonizados no mundo global | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O traballo do historiador: fontes históricas, historiografía e narrativas do pasado. Argumentación histórica. Relevancia, causas e consecuencias, cambio e continuidade. Perspectiva histórica nas narrativas sobre o pasado.<br>- Imperios e cuestión nacional: dos movementos de liberación á descolonización.<br>- Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea.<br>- Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal.<br>- Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxinados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea.<br>- O desenvolvemento tecnolóxico e dixital e os novos retos do futuro económico, social e laboral.<br>- Éxodos masivos de poboación: migracións económicas, climáticas e políticas. O novo concepto de refuxiado.<br>- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento da diversidade identitaria, tolerancia e respecto ante as manifestacións ideolóxicas e culturais e recoñecemento e defensa da riqueza patrimonial.<br>- Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.<br>- Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Liberalismo e Neoliberalismo. | 22 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron. | Identificar os elementos definidores do sistema capitalista. | PE | 40 |
| CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflitividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo. | Identificar as diferenzas laborais como base das diferenzas sociais. O papel da colectividade no cambio. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta. | O progreso no proceso industrializador contemporáneo. Identificar riscos e vantaxes. | | |
| CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras. | Ser quen de identificar os retos aos que se enfronta o sistema económico capitalista e as posibilidades de resposta | | |
| CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | Definir conceptos claves da economía contemporánea | TI | 60 |
| CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas. | Identificar o rol da muller na economía capitalista | | |
| CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia. | Valorar criticamente o valor dos dereitos fundamentais e o papel da economía na súa defensa. | | |
| CA3.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado social, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polos diferentes estados contemporáneos, así como os límites e retos de futuro, desde unha perspectiva solidaria en favor dos colectivos máis vulnerables. | Identificar os avances e retrocesos de dereitos e liberdades ao carón do progreso industrial no século XIX | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas. | A economía como elemento constituínde dunha identidade colectiva. | | |
| CA3.5 - Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, a través da súa análise multidisciplinaria e das doutrinas e teorías das que derivan, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional, e xustificando a necesidade do acceso universal aos recursos básicos. | Identificar as alternativas ao sistema capitalista. | | |
| CA3.6 - Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos. | Análise a longo prazo dos avances e retrocesos en colectivos minoritarios. O papel da economía na discriminación. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O traballo do historiador: fontes históricas, historiografía e narrativas do pasado. Argumentación histórica. Relevancia, causas e consecuencias, cambio e continuidade. Perspectiva histórica nas narrativas sobre o pasado. |
| - Procesos de integración rexional no mundo. A construción da Unión Europea, situación presente e desafíos de futuro. Alianzas internacionais para o logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. |
| - Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial. |
| - Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas. |
| - A evolución histórica da clase traballadora e das organizacións obreiras: experiencias e conflitos en defensa dos dereitos laborais e a mellora das condicións de vida. |
| - O desenvolvemento tecnolóxico e dixital e os novos retos do futuro económico, social e laboral. |
| - Desenvolvemento económico e sostibilidade: da idea do progreso ilimitado do liberalismo clásico aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. |
| - Éxodos masivos de poboación: migracións económicas, climáticas e políticas. O novo concepto de refuxiado. |
| - Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento da diversidade identitaria, tolerancia e respecto ante as manifestacións ideolóxicas e culturais e recoñecemento e defensa da riqueza patrimonial. |
| - Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías. |
| - Ameazas rexionais e planetarias: terrorismo, crime organizado, radicalismos, ciberameazas e armas de destrución masiva. |

| Contidos |
|---|
| - A emerxencia climática e os seus desafíos no presente e no futuro. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Violencia, guerras e xenocidios no século XX | 22 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos. | Distingue os retrocesos nos sistemas democráticos ao longo do século XX | PE | 30 |
| CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron. | É capaz de definir e interpretar como se produciu o avance e retroceso da democracia ao longo do século XX | | |
| CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación. | É capaz de valorar por medio dunha proba escrita de modo satisfactorio e suficiente as causa e consecuencias da primeira e da segunda guerra mundial | | |
| CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso. | Describe mediante produccións bibliográficas e testemuñas da época que actitudes adoptou a poboación civil ante a ocupación por parte do inimigo dun territorio (nas guerras mundiais ou nas guerras ao longo do século XX) | | |
| CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | É capaz de entender e valorar os principais proxectos sociais, políticos e culturais como novos movementos sociais implicados na defensa dos dereitos sociais. | TI | 70 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas. | É capaz de realizar con rigor histórico traballos de investigación sobre as condicións de vida e o papel activo ou de vítima nos conflitos do século XX | | |
| CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia. | Analiza o nacemento dos réximes democráticos e totalitarios no século XX, a través de diferentes documentos históricos. | | |
| CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais. | Explica e interpreta grazas a diferentes fontes principalmente históricas quen son as principais vitimas da guerra: a poboación civil. | | |
| CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas. | Debate sobre a intolerancia e tolerancia na historia do mundo contemporáneo a través de testemuñas de minorías perseguidas durante o Holocausto . | | |
| CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición. | Distingue e compara por medio de fontes diversas históricas e actuais sobre cales son as superpotencias actuais e como exercen o seu poder, configurando a nova orde internacional. | | |
| CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras. | Define os novos movementos sociais, o novo contexto socioeconómico, as ideoloxías alternativas buscando información na rede. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.4 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través do traballo sobre textos históricos e historiográficos e de fontes literarias, do cinema e outros documentos audiovisuais. | Crítica e discusión por medio de textos históricos, fontes literarias, audiovisuais como exercen as superpotencias a súa influencia nestes últimos anos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O traballo do historiador: fontes históricas, historiografía e narrativas do pasado. Argumentación histórica. Relevancia, causas e consecuencias, cambio e continuidade. Perspectiva histórica nas narrativas sobre o pasado.<br>- Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea.<br>- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI.<br>- Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal.<br>- Procesos de integración rexional no mundo. A construción da Unión Europea, situación presente e desafíos de futuro. Alianzas internacionais para o logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.<br>- Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.<br>- Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación.<br>- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento da diversidade identitaria, tolerancia e respecto ante as manifestacións ideolóxicas e culturais e recoñecemento e defensa da riqueza patrimonial.<br>- Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia.<br>- A nova orde mundial multipolar: choques e alianzas entre civilizacións. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | O mundo do século XXI. | 30 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

<table>
<tr><th>Criterios de avaliación</th><th>Mínimos de consecución</th><th>IA</th><th>%</th></tr>
<tr><td>CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.</td><td>Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre a situación das repúblicas islámicas, a viraxe esquerdista en América Latina, e o proceso totalitario de Rusia.</td><td rowspan="3">PE</td><td rowspan="3">20</td></tr>
<tr><td>CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.</td><td>É capaz de responder a unha proba escrita de modo satisfactorio e suficiente sobre os inicios e desenvolvemento dos conflitos actuais en Ucraína.</td></tr>
<tr><td>CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.</td><td>A través dunha proba escrita avaliar e clasificar a revolución tecnolóxica, e o fenómeno da globalización.</td></tr>
<tr><td>CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.</td><td>É capaz de distinguir e diferenciar a través de distintas fontes que impacto ten o neocolonialismo na actualidade. É capaz de debatir sobre África e os seus retos no século XXI</td><td rowspan="3">TI</td><td rowspan="3">80</td></tr>
<tr><td>CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.</td><td>É capaz de distinguir e diferenciar a través de distintas fontes que impacto trn o munfo dixital na configuración de sentimientos identitarios.</td></tr>
<tr><td>CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</td><td>É capaz de traballar con diferentes documentos e fontes históricas e de producir traballos de investigación histórica sobre a situación dos dereitos humanos no século XXI</td></tr>
</table>

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas. | É capaz de traballar con diferentes documentos e fontes históricas e de producir traballos de investigación histórica sobre o papel da muller nas sociedades do século XXI e o contraste de realidades segundo os países | | |
| CA3.5 - Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, a través da súa análise multidisciplinaria e das doutrinas e teorías das que derivan, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional, e xustificando a necesidade do acceso universal aos recursos básicos. | Contrasta por medio de diversas fontes as distintas visións actuais do capitalismo. | | |
| CA3.6 - Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos. | É capaz de comparar e contrastar a través de proxectos de investigación o crecemento demográfico e o desenvolvemento urbano no século XXI | | |
| CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición. | Distingue e compara por medio de fontes diversas históricas e actuais sobre cales son as superpotencias actuais e como exercen o seu poder, configurando a nova orde internacional. | | |
| CA4.2 - Analizar criticamente o fenómeno histórico da globalización e a súa repercusión no ámbito local e planetario, valéndose do manexo de distintas fontes de información e dunha adecuada selección, validación, contraste e tratamento destas, previndo a desinformación e considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica, social e cultural en constante cambio. | Discusión mediante diversas fontes actuais a que nos enfrontamos neste xa entrado século XXI e a que retos se enfronta o planeta e a sociedade como protagonistas indiscutibles. | | |
| CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras. | Define os novos movementos sociais, o novo contexto socioeconómico, as ideoloxías alternativas buscando información valéndose das TIC. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.4 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través do traballo sobre textos históricos e historiográficos e de fontes literarias, do cinema e outros documentos audiovisuais. | Crítica e discusión por medio de textos históricos, fontes literarias, audiovisuais como exercen as superpotencias a súa influencia nestes últimos anos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O traballo do historiador: fontes históricas, historiografía e narrativas do pasado. Argumentación histórica. Relevancia, causas e consecuencias, cambio e continuidade. Perspectiva histórica nas narrativas sobre o pasado.<br>- O significado histórico e político dos nacionalismos no mundo contemporáneo, factor de conflito e enfrontamento entre pobos e estados: da servidume á cidadanía. Abolicionismo, dereitos civís e dereitos sociais na Idade Contemporánea.<br>- A evolución da situación da muller na sociedade contemporánea: mecanismos de dominación e submisión e cambios socioculturais. O movemento pola emancipación da muller e a loita pola igualdade: orixe e desenvolvemento dos movementos feministas.<br>- Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición.<br>- Igualdade de xénero: situación da muller no mundo e actitudes fronte á discriminación e en favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes.<br>- Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.<br>- Procesos de integración rexional no mundo. A construción da Unión Europea, situación presente e desafíos de futuro. Alianzas internacionais para o logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.<br>- Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.<br>- Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación.<br>- Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxinados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea.<br>- O desenvolvemento tecnolóxico e dixital e os novos retos do futuro económico, social e laboral.<br>- Desenvolvemento económico e sostibilidade: da idea do progreso ilimitado do liberalismo clásico aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.<br>- Éxodos masivos de poboación: migracións económicas, climáticas e políticas. O novo concepto de refuxiado.<br>- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento da diversidade identitaria, tolerancia e respecto ante as manifestacións ideolóxicas e culturais e recoñecemento e defensa da riqueza patrimonial.<br>- Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.<br>- Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia.<br>- O proceso de globalización no mundo contemporáneo e as súas implicacións na sociedade actual. Aglomeracións urbanas e desafíos no mundo rural. |

| Contidos |
| --- |
| - A nova orde mundial multipolar: choques e alianzas entre civilizacións.<br>- Ameazas rexionais e planetarias: terrorismo, crime organizado, radicalismos, ciberameazas e armas de destrución masiva.<br>- A emerxencia climática e os seus desafíos no presente e no futuro.<br>- Crise das ideoloxías e "fin da historia": a era do escepticismo e dos novos populismos.<br>- Os retos das democracias actuais: corrupción, crise institucional e dos sistemas de partidos, tendencias autoritarias e movementos antisistema.<br>- Comportamento ecosocial: movementos en defensa do medio ambiente e ante a emerxencia climática. Compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.<br>- Cidadanía ética dixital: respecto pola propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.<br>- Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan o mundo e as condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía ten que ser variada e axeitada ás características e aos ritmos de aprendizaxe do alumnado, debe ser tamén activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o colaborativo do alumnado, co fin de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia a situacións reais e aos estudos posteriores.
Dado que as competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado, as situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento nesta materia de Hª do Mundo Contemporáneo, incorpora tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.
Será unha metodoloxía dirixida a implicar ao alumnado na aprendizaxe para que adquiran as habilidades que lles permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que viven, construír a súa propia identidade, que poidan interactuar en situacións variadas e para que continúen aprendendo.
En definitiva, na aula combinarase a explicación teórica por parte do profesorado á hora da presentación da problemática xeral dos procesos e realidades a explicar (mapas conceptuais, fotografías, presentacións, vídeos, textos, mapas, gráficas, estatísticas) cunha metodoloxía baseada no sistema de reconstrución, é dicir, o alumnado elaborará os contidos a partir dos materiais de traballo nunha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesorado. Con isto intentarase evitar unha excesiva memorización de contidos, pero sen renunciar, como complemento, a unha aprendizaxe significativa.
Pola súa parte, o profesorado despregará os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os contidos propios da materia, relacionados coas competencias clave e cos criterios de avaliación, para poder acadar así os obxectivos do currículo. Recursos didácticos que serán películas e libros.No referente ao visionado de películas, as propostas para o curso 2022-23 serán:
Do Liberalismo ao Neoliberalismo (Filme: O lobo de Wall Street). Burguesía e clase media (Filme: A idade da inocencia). Revolución Industrial e movemento obreiro (Filme: Xerminal).Imperialismo, descolonización e neocolonialismo (Filme: Despois da choiva). Un mundo en guerra (Filme: Paradise now). Autoritarismos e totalitarismos (Filme: Persépole). As grandes potencias contemporáneas (Filme: Rojos)Continuous change (Filme: Criadas e señoras)
Os libros de lectura obrigatorios para o curso aEcadémico 2022-2023 serán: El sueño del celta, de Mario Vargas Llosa (capítulo El Congo) e El pacifista, de John Boye.
Para poñer en práctica o dominio dos contidos básicos das Ciencias Sociais o alumnado levará a cabo traballos de investigación de maneira individual ou grupal.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Aula virtual do centro |
| Portfolio do alumnado |
| Material audiovisual |
| Novelas históricas ou cun contexto histórico, banda deseñada |

Traballaremos con recursos e materiais variados: en primeiro lugar textos de diverso tipo que permitan a profundización dos contidos do curso e a práctica do comentario de textos. Visionado de películas por parte do alumnado e posta en común na aula sobre os contidos reflictidos nas películas. Lectura de dous libros relacionados cos contidos do curso e sesións de posta en común na aula para debatir sobre eles. Visionado de vídeos que servan de introdución ou resumo dos contidos propostos e uso de diversas aplicacións que servan para a elaboración de liñas do tempo, nubes de palabras ou cadros sinópticos.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A valoración global do alumnado debe ser o resultado dun proceso o máis obxectivo posible, en permamente toma de datos procedentes da observación directa na aula e das probas e traballos realizados ao longo de curso. Como o peso específico destes datos pode non ser equiparable, o alumnado debe coñecer previamente a porcentaxe que cada tipo de proba, traballo e outros elementos terán na súa cualificación final.
A avaliación inicial realizarase ao comezo do curso. Este tipo de avaliación axuda a detectar a situación de partida do estudantado, a través da cal o profesorado inicia o proceso educativo cun coñecemento
real de todo o seu alumnado. Polo tanto a avaliación inicial, como conxunto de accións de constatación e valoración diagnóstica, ofrécenos os seguintes coñecementos:
a) Un coñecemento pormenorizado das súas características intelectuais (en xeral) e aptitudinais (en particular), así como das súas circunstancias persoais máis significativas.
b) O nivel de coñecementos que posúe sobre a materia.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **15** | **15** | **15** | **15** | **15** | **25** | **100** |
| **Proba escrita** | 40 | 25 | 40 | 40 | 30 | 20 | **31** |
| **Táboa de indicadores** | 60 | 75 | 60 | 60 | 70 | 80 | **69** |

**Criterios de cualificación:**

Probas escritas sobre contidos previamente traballados na aula: 25%
- Actividades e traballo de clase, dentro e fóra da aula: 75%
· En cada avaliación o alumnado fará unha ou varias probas escritas, nas que a base serán os comentarios e

composicións de texto, táboas ou imaxes.
· A cualificación do alumnado en cada trimestre é o resultado das cualificacións da(s) proba(s) escrita(s) (25%) e das actividades de clase (75%).
· As actividades de clase incluirán exposicións orais e entrega de traballos (composicións de texto, redaccións, traballos en grupo e individuais) na aula virtual e participación activa na aula realizando as tarefas que inclúen visionado e comentario de filmes, ademais da lectura dos libros propostos.
· En cada avaliación, o alumnado poderase someter a unha autoavaliación que se engadirá a este apartado de actividades de clase, isto é, formando parte do 75% da cualificación final de cada avaliación.

**Criterios de recuperación:**

Haberá só unha recuperación ao final do curso e só das avaliacións que quedaran suspensas.
· Poderase decidir a recuperación parcial ou total mediante métodos alternativos (presentacións orais, realización de composicións de texto, redacción de temas específicos,...) para o alumnado que acade na avaliación de xuño a cualificación mínima de 3,5.
· En caso de que o alumnado non supere a materia na avaliación ordinaria, a avaliación extraordinaria incluirá un exame sobre a materia do curso académico, que se axustará ao modelo establecido ao longo do curso académico.
· Os contidos mínimos esixibles para obter unha avaliación positiva serán os recollidos nesta programación.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente de Historia do Mundo Contemporáneo realizará unha serie de tarefas ao longo do curso, secuenciadas por avaliacións, que estarán a súa disposición na aula virtual do instituto. As actividades incluirán entrega de traballos (composicións de texto, redaccións ) na aula virtual e tarefas que inclúen visionado e comentario de filmes, ademais da lectura dos libros propostos.
En caso de non acadar deste xeito os contidos mínimos esixidos e non aprobando a materia, habera unha proba final na que entrarán todos os contidos traballados nesas tarefas programadas para o longo do curso. A proba realizarase no mes de maio, e se é necesario na convocatoria extraordinaria.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.
Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a con problemas de Dislexia, TDAH, TEA ou calquera outra discapacidade que requira un trato personalizado.
Programa específico para alumnado repetidor da materia.
En xeral, procurarase proporcionar ao alumnado, para os contidos de maior dificultade:
- Esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais.
- Actividades con diferentes graos de profundización.
- Resolver dúbidas e/ou ampliar coñecementos fóra do horario da materia (periodos de lecer ou aula virtual).

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - ET.1 Comprensión lectora e expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - ET.2 Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - ET.3 Competencia dixital | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.4 - ET.4 Emprendemento social e empresarial | | | | X | | X |
| ET.5 - ET.5 Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - ET.6 Educación emocional e en valores | | | X | | X | X |
| ET.7 - ET.7 Igualdade de xénero | | | | | | X |
| ET.8 - ET.8 Creatividade | | | | X | | X |

**Observacións:**

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios históricos. O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. Utilizaremos plans e ferramentas dos que dispón o institutto, a saber:
O Plan Lector, tendo en conta importancia clave das competencias lingüísticas no ensino-aprendizaxe das materias e do peso fundamental desta compoñente na sección plurilingüe e no Bachibac, potenciarase participación en clubes de lectura coordinados dende a Biblioteca, na colaboración en actividades de dinamización da lectura e a obriga de ler dous libros relacionados co currículo da materia de Historia do Mundo Contemporáneo.
En canto á Colaboración co Grupo de Apoio LGTBI do Neira, vai no senso de favorecer a formación integral do alumnado como cidadáns/ás críticos, tolerantes e respectuosos cara a outras realidades sociais e persoais.
En canto ao Plan Dixital do centro, uso sistemático da aula virtual e de ferramentas dixitais para a elaboración de nubes de palabras, eixes cronolóxicos...

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Visita a exposicións relacionadas cos contidos | En función da oferta das exposicións existente na contorna do instituto | | | |

**Observacións:**

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.
-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.
-Xa na aula unha terceira fase de retroalimentación para comprobar o resultado da experiencia.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Realízase unha avaliación inicial |
| Nivel de dificultade axeitado ás características do alumnado |
| Nivel de consecución da participación activa de todo o alumnado |
| Grao de implicación das familias no traballo do alumnado |
| Atención axeitada á diversidade |
| Uso de diversos instrumentos de avaliación e avalíase segundo os criterios de avaliación da programación |
| Valorouse axeitadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo |
| Dáse un peso real á observación do traballo na aula |
| A estratexia metodolóxica adaptouse ao tema a tratar |
| O resultado das probas foi ofrecido ao alumnado de forma rápida |
| Incorporación das TIC ao proceso de aprendizaxe |
| Uso de estrataexias para animar á lectura  e para aumentar a comprensión oral e escrita |

**Descrición:**

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.
En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.
Este cuestionario en base á responder SI ou NON será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso para ser respondido de forma anónima. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.
Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal disponse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O desenvolvemento e cumprimento da programación didática serán avaliados ao longo de todo o curso, nas reunións do Departamento, especialmente nas que sigan ás distintas avaliacións.
A final de curso, á vista dos resultados, dificultades e contratempos experimentados nas distintas materias, realizaremos unha avaliación global, a través da que tomaremos as decisións de modificación en función dos contidos engadidos ou suprimidos, dos resultados da avaliación do alumnado e dos indicadores de logro da práctica docente e do proceso de ensino. Avaliaremos tamén os resultados das actividades complementarias e extraescolares no mes de xuño, o mesmo que a contribución ao plan lector do centro e a integración das TIC na práctica docente.Será tamén necesario avaliar como se desenvolveu a relación co alumnado coas materias pendentes e o grao de cumprimento

dos obxectivos previstos. Prestaremos especial atención tamén o grao de efectividade dos mecanismos usados para contactar coas familias á hora de informar dos progresos dos seus fillos e fillas, a información sobre avaliacións, actitudes, etc.
Terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre ao menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.
Comprobaremos tamén a validez das estratexias metodolóxicas empregadas para a adquisición dos novos contidos.

## 9. Outros apartados